



ACT-INCLUSIVE – Actores do cambio cara a Educación Inclusiva

Acordo de Subvención Nº 101090038 — ACT-INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO



NOTA DE PRENSA 1

Sobre as Fichas de País



NOTA DE PRENSA 1 – Sobre as Fichas de País

Contacto: Catuxa Pereira Casheda, coordinadora Área de Proxectos, COGAMI-Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, Modesto Brocos, 7 – Bloque 3 – Baixos – C.P. 15704 // proxectos@cogami.gal Santiago de Compostela, XX/XX/2024.

O proxecto ACT-INCLUSIVE presenta un exhaustivo informe sobre a Educación Inclusiva en España

España – 30 de Setembro de 2024 – O proxecto ACT-INCLUSIVE, unha importante iniciativa financiada polo programa Erasmus+ no marco da «Asociación para a Cooperación no ámbito da Educación e a Formación (ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO), prézase de presentar as últimas conclusións sobre o estado da educación inclusiva en España. O exhaustivo informe, elaborado por COGAMI e que se pode consultar no [sitio web](#) do proxecto, detalla as estruturas actuais, os retos e as oportunidades dentro das escolas ordinarias para o alumnado con discapacidade.

Este comunicado de prensa pretende informar a educadores, responsables políticos, investigadores e ao público en xeral sobre o estado actual da educación inclusiva en España e dos pasos necesarios para garantir unha contorna educativa máis inclusiva para todo o alumnado.

Que é a educación inclusiva?

A educación inclusiva significa que todos os nenos teñen dereito a unha educación e a unha aprendizaxe de calidade. Trátase de como desenvolvemos e deseñamos as nosas escolas, aulas, programas e actividades para que todo o alumnado aprenda e participe unido.

Por que educación inclusiva?

A educación inclusiva é fundamental. Promove a diversidade, a equidade e a xustiza social. Recoñece que cada alumna/o é única/o e ten necesidades de aprendizaxe diferentes. Trata de crear unha contorna que responda a esas necesidades de aprendizaxe.

Educación inclusiva: Panorama histórico e lexislativo

A historia da educación inclusiva en España está marcada por importantes avances lexislativos.

Estruturas actuais e sistemas de apoio

O sistema educativo español contempla tanto a educación ordinaria como a especial. O profesorado de Educación Especial apoia ao alumnado dentro das aulas ordinarias, garantindo que reciba a atención individualizada necesaria. A pesar destes esforzos, o sistema enfróntase a retos como a insuficiencia de persoal especializado, problemas de infraestrutura e a necesidade de programas de formación do profesorado máis completos.

Retos e barreiras para a inclusión

Aínda que existen estruturas de apoio ao estudantado con discapacidade, persisten varios retos. Entre eles inclúense:

- **Persoal especializado insuficiente:** O número de mestras/es de Educación Especial cualificadas/os é insuficiente.
- **Limitada formación do profesorado:** O profesorado carece a miúdo de formación suficiente en prácticas de educación integradora.
- **Infraestrutura e accesibilidade:** Moitas escolas precisan todavía mellorar a accesibilidade física e proporcionar tecnoloxías de apoio axeitadas.

Voces desde o terreo

O informe enriquecese cos puntos de vista de **xx** profesoras/es e **xx** alumnas/os de **xx** centros educativos ordinarios de España. Os seus puntos de vista poñen de relevo os retos prácticos e os éxitos da aplicación da educación inclusiva sobre o terreo. Tanto o profesorado como o alumnado insisten na necesidade de máis recursos, mellor formación e unha cultura escolar máis integradora.

Mirando cara o futuro: Recomendacións para a política e a práctica

O proxecto ACT-INCLUSIVE atópase en consonancia co compromiso de España de garantir a educación inclusiva segundo o disposto polas leis e regulamentos nacionais, en particular o Real Decreto Lexislativo 1/2013. As conclusións das Fichas Nacionais de España son fundamentais para dar forma ás políticas e prácticas futuras. As recomendacións clave inclúen:

- **Desenvolvemento profesional para educadoras/es:** Programas integrais de formación centrados en estratexias de aprendizaxe inclusiva, xestión da aula e creación de plans educativos individualizados.
- **Obradoiros de capacitación para nais/pais:** Sesións informativas deseñadas para dotar ás nais e pais de ferramentas e recursos para apoiar eficazmente a traxectoria educativa das súas fillas e fillos.
- **Participación comunitaria:** Colaboracións con organizacións locais para concienciar acerca dos dereitos do alumnado con discapacidade e avogar por prácticas educativas inclusivas.

Acerca de ACT-INCLUSIVE

O proxecto ACT-INCLUSIVE pretende difundir prácticas inclusivas e materiais axeitados para sensibilizar ás comunidades escolares e capacitar ao alumnado con discapacidade. O proxecto conta co apoio da Asociación Europea de Proveedores de Servizos para Persoas con Discapacidade (Bélxica) e centros educativos de España, Hungría, Chipre, Francia e Eslovenia.

Máis Información

Para máis información, visite o noso [sitio web](#) e/ou síanos en [FB](#) e [LinkedIn](#).

